



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ASUNTO: ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O DÍA DEZANOVE DE AGOSTO DE 2019

EXPEDIENTE: 2019/G010/000009

n Abegondo, ás trece horas e trinta e dous minutos do día dezaioito de xullo de 2019, previamente convocados, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente José Antonio Santiso Miramontes, e asistido do secretario accidental José Antonio Varela Doval, os concelleiros na marxe expresados co obxecto de realizar a sesión extraordinaria.

Membros que asisten:

Alcalde-Presidente:

José Antonio Santiso Miramontes

Concelleiros:

Laura C. Calvo Quintela

Alberto Seoane Brandariz

Gustavo Manuel Quindimil Gómez

Francisca Bestilleiro Roel

Marcos Zapata Díaz

José María Caamaño Nogueira

Luís Constante Freire Pérez de Juan

Silvia Taboada Carro

Fátima Insua López

Francisco Javier Rodríguez Souto

Roberto Gómez Lesta

María Ángeles Vilas Pedreira

Escusan a súa ausencia:

Secretario accidental

José Antonio Varela Doval

Logo de comprobar que asisten o número suficiente para a válida constitución, o Sr. alcalde-presidente declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendidos na Orde do Día que é a seguinte:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA CALENDARIO LABORAL 2020
2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA 2ªFASE (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) POS ADICIONAL 1/2019
3. ADXUDICACIÓN O ADRO
4. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DO INVENTARIO: INCORPORACIÓN DA CASETA DO LEGOEIRO E ELIMINACIÓN CAMIÑO AB-1798
5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 11/2019 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO)
6. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA POTABLE 2019



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

7. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA SERVIZO DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN 2019
8. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL 2/2019
9. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS 3/2019

ADOPCIÓN DE ACORDOS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA CALENDARIO LABORAL 2020

EXPEDIENTE: 2019/G006/000090

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta informada favorablemente pola comisión informativa correspondente que di:

“ASUNTO: CALENDARIO LABORAL ANO 2020

ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Concello pretende elaborar o CALENDARIO LABORAL para o ANO 2020

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo
- Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores
- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- O artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Os artigos 61.1.o) e 2861 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia

CONSIDERACIÓNS

Co obxecto de determinar os dous días de cada ano natural que neste concello teñen carácter de festas locais por tradición propia, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e ditar a correspondente resolución, ese Concello propón establecer como festivos locais os seguintes días:

- **Martes de Entroido, 25 de febreiro de 2020**
- **San Pedro, 29 de xuño de 2020**

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia coa Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Establecer, como festivos locais os seguintes días: **o martes de Entroido 25 de febreiro de 2020, e San Pedro 29 de xuño de 2020.**

SEGUNDO. Dar traslado do presente acordo á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.”

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 4 (Fátima Insua López, Francisco Javier Rodríguez Souto, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

2. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA 2ªFASE (PLAN ÚNICO DOS CONCELLOS) POS ADICIONAL 1/2019

EXPEDIENTE: 2019/G006/000091

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta informada favorablemente pola comisión informativa correspondente que di:

“José Antonio Santiso Miramontes, alcalde do concello de Abegondo en relación a participar na 2º fase do plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal (plan único dos concello) adicional 2º fase

Propón a adopción do seguinte acordo:

1.- “Participar na **2ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) Adicional 1/2019** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, solicitando a aplicación do resto da maior achega provincial asignada non utilizada na 1ª Fase, aos investimentos financeiramente sostibles que se indican a continuación, e aprobar os correspondentes proxectos de obras ou pregos das subministracións:

| Investimentos financeiramente sostibles 2ª Fase POS+ Adicional 1/2019 | Financiamento dos investimentos | | |
|--|---------------------------------|------------|---------------------|
| | Deputación | Concello | Orzamento total |
| Urbanización de calles na Igrexa, Mabegondo | 128.719,36.- | --- | 128.719,36.- |
| Urbanización tramo de calle na Ferrería, Mabegondo | 66.372,44.- | --- | 66.372,44.- |
| Seguridade Vial no camiño de Couto a Vilar Meangos (AB-1059, AB-1678) E outros | 36.671,66.- | --- | 36.671,66.- |
| Reparación de camiños nas parroquias de Abegondo, Meangos, Víos e folgoso | 94.301,52.- | --- | 94.301,52.- |
| TOTAL | 326.064,98.- | --- | 326.064,98.- |

| | |
|--|--------------|
| Maior achega provincial asignada ao concello | 418.956,34.- |
| Maior achega provincial aplicada na 1ª Fase | 92.891,36.- |
| Maior achega provincial aplicada na 2ª Fase | 326.064,98 |



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Declarar que o concello ten crédito, e de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos financeiramente sostibles incluídos na 2ª Fase do POS+ Adicional 1/2019, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Fátima Insua López, Francisco Javier Rodríguez Souto, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

3. ADXUDICACIÓN O ADRO

EXPEDIENTE: 2019/G006/000095

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta informada favorablemente pola comisión informativa correspondente que di:

“ASUNTO: RATIFICACIÓN DO ACORDO DE EXPROPIACIÓN DOS TERREOS DE JOSÉ ANTONIO LÓPEZ MEIZOSO E MARÍA MEIZOSO LÓPEZ POR MUTUO ACORDO NO LUGAR DO ADRO

EXPEDIENTE: 2019/G006/000095

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. A declaración de utilidade pública ven dada pola aprobación do proxecto “Humanización na praza do Adro e o seu entorno” dentro do Plan provincial de obras e servizos (POS), aprobado polo pleno da Corporación en data 29 de novembro de 2012. A maior abundamento o PXOM do Concello de Abegondo, aprobado pola Consellería



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 14 de setembro de 2012, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 184, do mércores 26 de setembro de 2012, e no Boletín Oficial da Provincia o 11 de outubro de 2012 cualifica ese chan como equipamento público.

SEGUNDO. En data 1/04/2013 ditouse resolución de Alcaldía declarando extinto o precario constituído o dous de maio de 1967 no terreo baldío de o Atrio con referencia catastral 15001D508051040000ZQ, polígono 508 parcela 5104. O 28 de xuño de 2013, realizouse a notificación desta resolución, toda vez que a notificación anterior foi entregada a distinto destinatario por un erro no enderezo derivado dos datos do padrón municipal. O 26 de xullo de 2013 con Rexistro de entrada 201300003195 recibíuse recurso de reposición contra este acto por considerar que dita resolución non é axustada a dereito: alegase falla de acreditación da existencia do precario, e grave prexuízo para a interesada.

TERCEIRO. Emitíuse informe técnico valorando o ben e as construcións existentes.

CUARTO. O 20 de xaneiro de 2014 o concello asinou un convenio coa posuínte do terreo, D^a María García Lesta, para obter a dispoñibilidade do mesmo.

QUINTO. Mediante resolución de Alcaldía nº 264/2013 de 29.07.2013 acordouse a necesidade de ocupación e aprobouse definitivamente a relación de bens e dereitos afectados polo expediente de expropiación (segundo o informe de data 12 de xullo de 2013):

Identificación dos propietarios: José Antonio López Meizoso e María Meizoso López (usufructuaria)

Descrición do terreo: Horta que confina norte, concello de Abegondo; Sur, María Jesús García Rodríguez, hoxe concello de Abegondo; Leste, camiño ao Atrio; Oeste, resto da mesma herdanza, camiño público en medio.

SEXTO. Mediante o correspondente anuncio no Bop nº 148 de A Coruña do 6 de agosto de 2013, determinouse a relación de bens afectados pola expropiación no Adro.

SÉTIMO. Mediante unha negociación co propietario chegouse a un acordo para concluír a expropiación forzosa. Acordo que se formalizou mediante un convenio de data 26.12.2014.

OITAVO. Mediante acordo plenario de data 14.07.2014 o concello ratificou os convenios.

NOVENO. Con data 3 de xullo de 2019 faleceu don José Antonio López Meizoso

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Os artigos 9 e seguintes da Lei de Expropiación Forzosa de 16 de decembro de 1954.
- Os artigos 10 e seguintes do Regulamento da Lei de Expropiación Forzosa aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957.
- O artigo 4.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Os artigos 90 a 94 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas

CONSIDERACIONS XURIDICAS

PRIMEIRA. . As entidades locais poderán subscribir contratos de permuta de bens inmobles patrimoniais por cousa futura, coa tramitación previa dun expediente en que se acredite a súa necesidade e sempre que a diferenza de valor entre os bens que se trate de permutar non supere o 40 % do ben que o teña maior. O que quedará acreditado no expediente.

SEGUNDO. O concello de Abegondo permutou a cambio da propiedade do artigo anterior dunha praza de garaxe co seu correspondente trasteiro de propiedade no soto das instalacións da praza, previos os trámites administrativos correspondentes e resto de condicións establecidas no acordo asinado cos propietarios de data 26.12.2013.

Os terreos son os adecuados para permutalos polos seguintes aspectos: Os terreos son necesarios para efectuar unha obra de tipo municipal, aprobada no Plan provincial de Obras e servizos (POS 2012), aprobado polo pleno da Corporación en data 29 de novembro de 2012 e pola aprobación do PXOM do Concello de Abegondo, aprobado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 14 de setembro de 2012, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 184, do mércores 26 de setembro de 2012, e no Boletín Oficial da Provincia o 11 de outubro de 2012 que cualifica ese chan como equipamento público.

Este acordo debe ser convertido a unha concesión administrativa por seren solo de dominio público.

CUARTO. O procedemento para o alleamento de bens inmobles.

Conforme ao artigo 136 da Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas indica que o alleamento dos inmobles poderá realizarse mediante poxa, concurso ou adxudicación directa.

Poderase acordar a adxudicación directa nos seguintes supostos:

a) Cando o adquirente sexa outra Administración pública ou, en xeral, calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente ao sector público. A estes efectos, entenderase por persoa xurídica de dereito privado pertencente ao sector público a sociedade mercantil en cuxo capital sexa maioritaria a participación directa ou indirecta dunha ou varias Administracións públicas ou persoas xurídicas de Dereito público.

b) Cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro, declarada de utilidade pública, ou unha igrexa, confesión ou comunidade relixiosa legalmente recoñecida.

c) Cando o inmovible resulte necesario para dar cumprimento a unha función de servizo público ou á realización dun fin de interese xeral por persoa distinta das previstas nos parágrafos a) e b).

d) Cando fose declarada deserta a poxa ou concurso promovidos para o alleamento ou estes resultasen errados como consecuencia do incumprimento das súas obrigacións por parte do adxudicatario, sempre que non transcorrese máis dun ano desde a celebración dos mesmos. Neste caso, as condicións do alleamento non poderán ser inferiores das anunciadas previamente ou daquelas en que se produciu a adxudicación.

e) Cando se trate de solares que pola súa forma ou pequena extensión resulten inedificables e a venda realícese a un propietario lindeiro.

f) Cando se trate de leiras rústicas que non cheguen a constituír unha superficie economicamente explotable ou non sexan susceptibles de prestar unha utilidade acorde coa súa natureza, e a venda efectúese a un propietario lindeiro.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- g) Cando a titularidade do ben ou dereito corresponda a dous ou máis propietarios e a venda efectúese a favor dun ou máis copropietarios.
- h) Cando a venda efectúese a favor de quen ostente un dereito de adquisición preferente recoñecido por disposición legal.
- i) **Cando por razóns excepcionais considérese conveniente efectuar a venda a favor do ocupante do inmovible.**

En todo caso, de acordo co establecido no artigo 136.1, antes do alleamento do inmovible ou dereito real procederase a depurar a situación física e xurídica do mesmo, practicándose o deslinde se fose necesario, e inscribíndose no Rexistro da Propiedade se aínda non o estivese.

Pois ben, estas razóns excepcionais e a atención a un interese xeral dánse neste caso, pola existencia dun plan de obras e servizos que determina o interese xeral en facer a praza do Adro, e porque a existencia sobrevida de dereitos de propiedade sobre o solo fixeron que fose necesario acudir á figura da permuta por cousa futura, cambiando a titularidade dominical dunha porción de terreo pola propiedade dunha praza de garaxe.

QUINTO. No convenio do 20.01.2014 o concello acordou outorgar a Dolores María García Lesta a praza de garaxe co seu correspondente trasteiro sinalada coa letra C no soto das instalacións da praza. A altura do Garaxe e o portal son 2,10m.

No convenio do 26.12.2013 o concello acordou outorgar a María Meizoso López a praza de garaxe co seu correspondente trasteiro sinalada coa letra B no soto das instalacións da praza. A altura do Garaxe e o portal son 2,10m.

Todo elo segundo o plano que consta nos convenios:




Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es



DISTRIBUCIÓN E MEDIDAS APROXIMADAS
Escala 1:100



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

Despois de examinar a documentación achegada, e de conformidade co indicado, **PROPOÑO**:

PRIMEIRO. Adxudicar mediante concesión administrativa os bens descritos nos antecedentes a:

ADXUDICATARIO: Dolores María García Lesta

PRAZO: 25 anos.

INMOBLE ADXUDICADO: praza de garaxe co seu correspondente trasteiro sinalada coa letra C no soto das instalacións da praza. A altura do Garaxe e o portal son 2,10m.

ADXUDICATARIO: María Meizoso López

PRAZO: 25 anos.

INMOBLE ADXUDICADO: praza de garaxe co seu correspondente trasteiro sinalada coa letra B no soto das instalacións da praza. A altura do Garaxe e o portal son 2,10m.

SEGUNDO. Publicar anuncio de adxudicación e de formalización no perfil de contratante.

TERCEIRO. Notificar aos adxudicatarios do contrato, a presente Resolución e citarlles para a sinatura do contrato que terá lugar nas dependencias municipais.

CUARTO. Anotar a concesión no Inventario Municipal de Bens ao efecto de actualizalo, una vez formalizada.

QUINTO. Remitir a documentación necesaria ao Rexistro da Propiedade para que efectúen os oportunos asentamentos rexistrados, segundo a Lexislación hipotecaria.”

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 9 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro)

Abstencións: 4 (Fátima Insua López, Francisco Javier Rodríguez Souto, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira)

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

4. APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO INVENTARIO: INCORPORACIÓN DA CASETA DO LEGOEIRO E ELIMINACIÓN DO CAMIÑO AB-1798

EXPEDIENTE: 2019/G006/000092

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta informada favorablemente pola comisión informativa correspondente que di:

“**ASUNTO:** MODIFICACION DO INVENTARIO: INCORPORACIÓN DA CASETA DO LEGOEIRO E ELIMINACIÓN CAMIÑO AB-1798

EXPEDIENTE: 2019/G006/000092



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. En data 26.12.2013 o Pleno do concello de Abegondo aprobou o inventario de bens municipais.

SEGUNDO. Preséntase a solicitude co rexistro de entrada (E.R.E) núm. 201800000000481 o día 26/02/2018 por parte dun bo número de veciños de Sarandós, no Concello de Abegondo para A CESIÓN DA CASETA DO LEGOEIRO Á XUNTA DE GALICIA. **O concello solicitou o 27.02.2018 á secretaría xeral de patrimonio a cesión da caseta de Legoeiros en Sarandós.**

TERCEIRO. O 30.10.2018 a Consellería de Facenda enviou o acordo de cesión en propiedade a título gratuito da parcela sobre a que se asentaba a caseta de Legoeiros a favor do Concello de Abegondo.

CUARTO. O concello aceptou a cesión da caseta do Legoeiro e asinou o 19.10.2018 o convenio de cesión da caseta coa Xunta de Galicia.

SEXTO. En segundo lugar Miguel Charlón López solicitou a anulación do camiño AB-1798 do inventario. Deuselle traslado aos colindantes este acordo sen que consten alegacións e consta o informe do técnico municipal informando favorablemente a eliminación do camiño (informe de data 25.06.2019)

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- O Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O artigo 33 e seguintes do Regulamento de bens indica que a rectificación do inventario se verificará anualmente e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa.

O Pleno da Corporación local será o órgano competente para acordar a aprobación do inventario xa formado, a súa **rectificación** e comprobación. As Corporacións locais deberán inscribir no Rexistro da Propiedade os seus bens inmobles e dereitos reais, de acordo co previsto na lexislación hipotecaria. Será suficiente, para ese efecto, certificación que, con relación ao inventario aprobado pola respectiva Corporación, expida o Secretario, co visto e prace do Presidente da Corporación.

SEGUNDA. Con respecto á caseta do Legoeiro o concello Aceptar a cesión gratuíta en réxime de propiedade do ben indicado para adicalo a usos da veciñanza (local social), con referencias catastrais 15001A511016290000HA e 001901500NH58C0001TQ. DE acordo coa documentación que consta no expediente a descrición deste inmovible é a seguinte:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

DESCRIPCIÓN.- Predio rústico dedicado a labradío, no sitio de Xeixade, parroquia de Sarandós, concello de Abegondo, situado a carón da estrada AC-222, e dunha superficie aproximada de 268m², onde se atopa unha construción urbana, antiga caseta de legoeiros, cunha superficie aproximada de 108m². Estrema: Norte, José Manuel

Núñez Rodríguez e outra- 1628-; Sur, José Manuel Núñez Rodríguez e outra -1628- e construción; leste estrada AC-222 Herves-Montouto e oeste, José Manuel Núñez Rodríguez e outra -1628-.

TÍTULO.- Real decreto 3317/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de estradas (BOE nº 291, do 04.12.1982), modificado polo Real decreto 2708/1983, de 21 de setembro (BOE nº 255, do 25.10.1983).

CARGAS.-Non constan.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

INSCRICIÓN.- Inscritos no Rexistro da Propiedade de Betanzos no tomo 2.115, libro 251, folio 187, finca 25.727 e no tomo 1.795, libro 229, folio 112, finca 23.123.

REFERENCIA CATASTRAL.- 15001A511016290000HA e
001901500NH58C0001TQ.

SITUACIÓN POSESORIA.- Manifesta a parte transmitinte que o inmovible se atopa libre de arrendatarios ou terceiros ocupantes.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable procedendo a súa aprobación polo Pleno de acordo coa Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 22 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, PROPOÑO:

PRIMEIRO. Que se incorpore ao inventario municipal a caseta do Legoeiro polos motivos expostos e que se elimine o camiño AB-1798.

SEGUNDO. Dar conta do presente acordo aos interesados.”

Logo do debate, procedese á votación da proposta presentada, co seguinte resultado:

Votos a favor: 13 (José Antonio Santiso Miramontes, Laura C. Calvo Quintela, Alberto Seoane Brandariz, Gustavo Manuel Quindimil Gómez, Francisca Bestilleiro Roel, Marcos Zapata Díaz, José María Caamaño Nogueira, Luís Constante Freire Pérez de Juan e Silvia Taboada Carro, Fátima Insua López, Francisco Javier Rodríguez Souto, Roberto Gómez Lesta, María Ángeles Vilas Pedreira)

Abstencións: 0

Votos en contra: 0

Polo que o Pleno da Corporación, acorda aprobar a proposta da Alcaldía.

5. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 11/2019 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO)

EXPEDIENTE: 2019/G006/000088

Polo alcalde-presidente dáse conta da proposta informada favorablemente pola comisión informativa correspondente



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

que di:

“ASUNTO: EXPTE MC 11/2019. MODIFICACIÓN DE CRÉDITO POR SUPLEMENTO DE CRÉDITO E CRÉDITO EXTRAORDINARIO FINANCIADO RLTGX.

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Providencia de Alcaldía de data 5 de agosto de 2019 para o inicio do expediente de modificación de créditos por suplemento e crédito extraordinario por importe de 628.745 euros financiado con cargo ao RLTGXerais.

SEGUNDO. Memoria de Alcaldía de data 5 de agosto de 2019, xustificativa da modificación a realizar, indicando as aplicacións orzamentarias de gasto afectadas; o medio de financiación do suplemento de crédito; o carácter específico e determinado do gasto; a insuficiencia de crédito nas partidas que se van suplementar para a imputación dos gastos obxecto deste expte.

TERCEIRO. Informe de intervención de data 10 de agosto de 2019 no que se pon de manifesto: que se cumpren os requisitos do TRLFL, así como o órgano competente para a aprobación do expte.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réximen Local.
- RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba ou Texto Refundido dá Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.
- Bases de Execución do Orzamento Municipal para 2016.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financieira (LOEPSF)

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA.- A normativa reguladora das facendas locais permite efectuar modificacións no orzamento inicialmente aprobado, sempre e cando se cumpra cos requisitos que esixe a citada normativa.

Entre as modificacións previstas figura o suplemento de crédito, que procede cando se deba realizar algún gasto que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e o crédito ao que debe imputarse sexa insuficiente ou non ampliable.

SEGUNDA.- O artigo 177 do TRLRFL, o artigo 36 do RD 500/1990 e as bases de execución do Orzamento Municipal para o exercicio 2019 establecen que os suplementos de crédito e créditos extraordinarios poderán financiarse indistintamente con algún dos seguintes recursos:

- remanente líquido de tesourería, calculado conforme ao disposto nos artigos 101 a 104 do RD 500/90
- novos ou maiores ingresos efectivamente recadados sobre os totais previstos
- anulacións ou baixas de créditos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidas, e cuías consignacións se estimen reducibles sen perturbación do servizo.
- exclusivamente, e só cando se trate de gastos de investimento, ademais dos medios anteriores, tamén poderán financiarse con recursos procedentes de operacións de endebedamento.

No expte MC 11/2019 propónse a financiación con cargo ao RLT que resulta da liquidación do exercicio 2019, verificado que se cumpren os requisitos da DA 6º da LOEOSF e a prelación na orde de aplicación do superávit según a citada norma, sendo as opcións do concello de Abegondo en canto ao emprego do RLTGG as seguintes:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

- 1º. empregar todo o RLTTG dispoñible a data de hoxe (1.513.549,73 euros unha vez descontada a parte do RLT que financia o expediente MC 2/2019 de IR), nos termos do TRLRFL, con efectos sobre a estabilidade e a regra do gasto.
- 2º. empregar o importe do superávit (858.797,55 euros, de acordo cos datos da liquidación do exercicio 2018, por ser menor que o RLTTG), según a DA 6º:
 - investimentos financeiramente sostibles (IFS) co límite do importe do obxectivo de estabilidade orzamentaria estimado para a liquidación do exercicio 2019, que virá determinado, a data de hoxe, pola capacidade de financiación obtida dos datos da execución orzamentaria do 2T/2019 transmitidos a través da Oficina Virtual de Coordinación Financiera coas Entidades Locais, do que resulta un superávit de 338.041,23 euros.
 - resto do RLTTG (1.175.508,50 euros) conforme ás regras do TRLRFL, con efectos sobre a estabilidade e a regra do gasto.

TERCEIRA.- O procedemento de tramitación, será o establecido na Base 9: Cando deba realizarse algún gasto que non se poida demorar até o exercicio seguinte e non exista crédito ou o consignado sexa insuficiente, a Alcaldía poderá incoar e propor un expediente de crédito extraordinario ou suplemento de crédito que deberá ser aprobado polo Pleno, previo informe do Interventor e ditame da Comisión Informativa correspondente, e tramitado cos mesmos requisitos que os sinalados na Lei para a aprobación do orzamento:

- aprobación inicial polo Pleno da Corporación
- exposición pública por prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP, durante o cal os interesados poderán presentar reclamacións, que deberán ser resoltas polo Pleno no prazo dun mes.
- aprobación definitiva polo Pleno no suposto de que se presentaran reclamacións, noutro caso o acordo aprobatorio inicial considerárase definitivo sen necesidade de acordo posterior.
- publicación do expediente, resumido por capítulos, no *Boletín Oficial da Provincia*.
- simultaneamente ó envío do anuncio da publicación indicado no apartado anterior, remitirase copia á Comunidade Autónoma e á Administración do Estado.

CUARTA.- A Memoria de Alcaldía xustifica esta modificación pola insuficiencia de crédito nas aplicacións orzamentarias do estado de gastos para atender necesidades relativas aos gastos ordinarios e de investimento, de carácter imprescindible e inaprazable, que afectan a servizos e competencias municipais. Ao mesmo tempo considérase prioritario a aprobación dun expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito, que comprende unha serie de facturas que corresponden a obras executadas ao longo de anos anteriores, para os que non existe dotación suficiente no Orzamento Municipal, debendo previamente tramitarse un expediente de suplemento de crédito.

QUINTA.- O informe de intervención de data 07 de agosto de 2019, sinala que se cumpren os requisitos legais para a tramitación do expte MC 11/2019 de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 628.745 euros, coa finalidade e detalle previstos na Memoria que acompaña a este expte.

Unha vez realizada a tramitación legalmente establecida e conforme establecen os artigos 169 e seguintes do TRLRFL e 18 do RD 500/1990, correspóndelle ao Concello Pleno a aprobación por maioría simple do expte MC 11/2016 de suplemento de créditos.

Esta Alcaldía proponlle ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa correspondente, a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos MC 11/2019 de suplemento de crédito e crédito extraordinario financiado íntegramente con RLT, e que responde ó seguinte esquema:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

GASTOS ORDINARIOS E DE CAPITAL:



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
DE
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

| APLICACIÓN | INCREMENTO | FINALIDADE | MODIFICACIÓN |
|------------|------------|--|------------------------|
| 132/16000 | 2900 | Seguridade social policía local | Suplemento crédito |
| 136/16000 | 900 | Seguridade social dpto vvda e urbanismo | Suplemento crédito |
| 150/16000 | 2000 | Seguridade social brigada incendios | Suplemento crédito |
| 151/22706 | 5000 | Redacción proxectos | Suplemento crédito |
